La Voz convoca unha nova edición do Premio de Novela por Entregas

A sección Relatos de Verán acollerá durante o mes de agosto os textos dos lectores

REDACCIÓN / LA VOZ

La Voz de Galicia volve convocar, un ano máis, o Premio de Novela por Entregas, para dar protagonismo á creación literaria nas páxinas do xornal durante o mes de agosto, cando se publicará a obra gañadora a razón dun capítulo diario. Esta atención pola literatura complétase coa sección Relatos de Verán, na que se incluirán textos remitidos polos lectores, que tamén poderán optar a premios. Este ano, o certame de novela por entregas eleva a contía do premio de 6.000 a 9.000 euros.

Ilustración para «Sobrevivindo», de Arantza Portabales, gañadora do Premio de Novela por Entregas o pasado ano 2015. ABRALDES

NOVELA POR ENTREGAS

Edición número dezaseis do galardón. Nas súas quince edicións anteriores o premio distinguiu no seu palmarés a autores recoñecidos do panorama galego e axudou a consolidar a traxectoria doutros que se iniciaban na escrita. Agora La Voz de Galicia convoca a edición número dezaseis, que organiza co patrocinio de Ámbito Cultural de El Corte Inglés. A participación está aberta a todas as persoas que presenten unha novela inédita en galego e que non opte a outros certames. Deberá respectar as características propias dunha narración por entregas. Isto é, estar formada por 31 capítulos, todos coa mesma extensión de 3.500 caracteres (con espazos incluídos). A obra gañadora publicarase durante o mes de agosto nas páxinas de La Voz e na web do xornal (www.lavozdegalicia.es). O autor tamén recibirá un premio de 9.000 euros. O prazo para presentar orixinais xa está aberto e pecharase o vindeiro 10 de xuño deste ano 2016 (incluído). Os autores deberán remitir catro copias impresas en papel e unha en formato PDF gravada nun cedé ou lapis dixital ao seguinte enderezo: «16.º Premio de Novela por Entregas de La Voz de Galicia. Avenida da Prensa, parcelas 84 e 85. Polígono de Sabón. 15143 Arteixo (A Coruña)». As obras deben enviarse polo sistema de plica pechada, detallando no exterior dun sobre un lema e no interior os datos necesarios que permitan contactar co autor no caso de resultar finalista ou gañador.

RELATOS DE VERÁN

Participación dos lectores. As páxinas literarias de La Voz tamén darán cabida en agosto, ademais da obra gañadora do Premio de Novela por Entregas, aos textos remitidos polos lectores. Poden participar todas as persoas que o desexen con relatos tanto en galego como en castelán, que sexan inéditos e axustados ás seguintes condicións: a dimensión non poderá exceder de 25 liñas mecanografadas de corpo 11 (uns 2.100 caracteres, espazos incluídos). O prazo para presentar orixinais ábrese o 15 de xuño e pecharase o 15 de xullo deste ano 2016, ambos incluídos. Os textos poderán remitirse por correo electrónico ao enderezo relatos@lavoz.es ou por correo postal a esta dirección: «17.ª Edición dos Relatos de Verán de La Voz de Galicia (Premio dos Lectores). Avenida da Prensa, parcelas 84 e 85. Polígono de Sabón. 15143 Arteixo (A Coruña)». Un xurado designado pola organización do premio seleccionará de entre todos os textos recibidos os relatos que se publicarán tanto no xornal como na web.

DÚAS CATEGORÍAS

Menores de 16 anos e adultos. Os textos que opten aos premios dos Relatos de Verán serán divididos en dúas categorías: menores de 16 anos e os que teñan ou superen esta idade. O premio para o vencedor na primeira categoría é unha tableta dixital. Na segunda categoría, o autor do relato que acade maior puntuación será obsequiado cun bono para dúas persoas en distintos hoteis da cadea OCA Hotels, en concreto, un bono para dúas persoas no hotel OCA Santo Domingo Plaza, en Oviedo; un bono para dúas persoas no hotel OCA Aldeaduero, no parque natural do mesmo nome en Salamanca; e un bono para dúas persoas no hotel OCA Puerta del Camino, en Santiago. Os tres teñen a categoría de catro estrelas. Os bonos comprenden estancia de dúas noites para dúas persoas en habitación dobre, en réxime de aloxamento e almorzo. Inclúe acceso básico a spa, no caso de que o haxa. Serán os lectores os que decidan os gañadores de cada apartado, que se coñecerán en setembro, votando polos seus relatos favoritos a través dos cupóns que se publicarán no xornal. Todos os cupóns participantes entrarán no sorteo dunha selección de libros de Biblos Clube de Lectores. O texto íntegro das bases do Premio de Novela por Entregas e de Relatos de Verán poden consultarse na web de La Voz.

PARA LEER

«Muerte de un hombre feliz»

Giorgio Fontana
Traducción de Pepa Linares
Editorial Libros del Asteroide
264 páginas. 19,95 euros

H. J. P. REDACCIÓN / LA VOZ

Ha tenido que sentirse cómoda la excelente traductora Pepa Linares cuando preparaba la versión castellana de este *Muerte de un hombre feliz* para el sello Libros del Asteroide, que dirige en Barcelona el editor vigués Luis Solano. Nadie ha tratado como ella a Beppe Fenoglio (Alba, 1922-Turín, 1963) y por su traducción de *El partisano Johnny* (Sajalín) recibió en el 2014 el premio Ángel Crespo. Viene esto a cuento porque hay no poco del ético espíritu partisano de Fenoglio (y de su natural belleza) en *Muerte...*, obra de Giorgio Fontana (Saronno, 1981). Es posible que el abismo temporal que los separa se enjugue con la poca distancia que media entre Alba y Saronno, sus localidades natales. Pero parece más probable que el de Fontana sea un caso extraordinario de empatía y memoria, en un momento en que los jóvenes, en su hastío, parecen rechazar todo lo que viene del pasado más o menos inmediato, como si no apreciasen ni siquiera el valor del esfuerzo realizado por la generación de los padres o los abuelos. Hay otro tanto, o más, de Leonardo Sciascia en esta novela, en la que el fiscal Giacomo Colnaghi (hijo de un partisano) investiga en el Milán de inicios de los años 80 el asesinato de un político democristiano por terroristas de ultraizquierda. A la par de la pesquisa, aflorará la historia de Ernesto Colnaghi, su padre.

LITERATURA

Benítez Reyes publica su novela más ambiciosa tras diez años de silencio

Aventura, picaresca, reflexión, memoria y azar son los pilares que sostienen *El azar y viceversa*, la nueva novela de Felipe Benítez Reyes. El autor gaditano no publicaba novela desde el 2007, cuando escribió *Mercado de espejismos*. El protagonista de esta nueva obra es un buscavidas contemporáneo de 13 años que acomoda su identidad a las circunstancias de cada instante. «Debe inventarse la vida», en palabras de Benítez. COLPISA

EVENTO EDITORIAL

Santiago cede el testigo a Los Ángeles en la Feria del Libro de Buenos Aires

Santiago pasó ayer el testigo a Los Ángeles como próxima invitada de honor de la Feria del Libro de Buenos Aires. Aunque la decisión se conocía, la elección quedó oficializada en un acto en el centro donde se desarrolla este evento. La capital gallega llevó a Argentina una amplia delegación de escritores y editores para difundir la cultura y su literatura. Ahora le toca el turno a Los Ángeles, una de las ciudades más pobladas de EE.UU. EFE

Axl Rose, sentado. DE MELO AFP

CONCIERTO

Axl Rose debuta como vocalista de AC/DC en una silla por un pie roto

El público portugués descubrió en primicia mundial la voz de Axl Rose, de Guns N' Roses, junto a la banda de rock duro AC/DC, que inició su gira europea en Lisboa marcada por la ausencia de su cantante, Brian Johnson, aquejado de problemas auditivos. Sentado en una silla de metal a causa de una fractura en el pie y luciendo su clásico pañuelo bajo un sombrero, Axl Rose, de 54 años, convenció al público con su fuerza. DPA

BARCELONA

El Salón del Cómic cerró sus puertas con el récord de 118.000 visitantes

El Salón del Cómoic cerró sus puertas con un récord: 118.000 visitantes, 5.000 más que el año anterior, en una edición dedicada al 80 aniversario de Francisco Ibáñez. Este año se aumentó la superficie de las exposiciones hasta 45.000 metros cuadrados y, según la organización, también resultaron muy positivas las entrevistas que los editores extranjeros y nacionales mantuvieron con los autores para que puedan publicar. EUROPA PRESS

pressreader Printed and distributed by PressReader PressReader.com + +1 604 278 4604 COPYRIGHT AND PROTECTED BY APPLICABLE LAW